

UN EJEMPLO DE ESCULTURA FUNERARIA: O LEÓN DE PEDREDA, IRIA.

Por **María X. RODRÍGUEZ PÉREZ**
M. Paz BLANCO SANMARTÍN

Departamento Historia I.
Universidade de Santiago de Compostela.

Damos a coñecer neste apartado unha escultura situada no xardín da casa número oito no lugar de Pedreda, na parroquia de Iria pertencente ao concello de Padrón, A Coruña.

Atopouse hai uns seis anos reutilizado formando parte dun muro a, aproximadamente, setenta metros da casa onde se encontra hoxendía.

Trátase dunha escultura zoomorfa feita en granito, bastante erosionado e desgastado, que representa un león en posición sedente e disposto sobor dun basamento de forma pseudo-paralelepípeda en sentido horizontal, unha especie de plinto. Sedente sobor das patas traseiras en actitude repousada aínda que tamén amenazadora. A pesares de que está fracturada na parte superior do centro dos cuartos traseiros advírtese a existencia do rabo que dispónse en espiral de dereita a esquerda formando unha curva a modo de signo de interrogación pechado comenzado por abaixo.

Está coas fauces abertas e tanto dende unha visión frontal como lateral son facilmente apreciábeis os colmillos que mostra o animal en sinal amenazante. Enriba tivo representado o nariz ou a trufa pero aquí ten unha fractura suficientemente limpa como para arrancar xusto na base do nariz e chegar un pouco máis enriba e hacia a esquerda da mesma.

Dende unha visión lateral aprécianse os ollos que serían moderadamente globulares aínda que agora, como xa dixemos, a escultura está bastante pulida pola erosión e non son apreciábeis plenamente. Tamén represéntase de maneira esquemática a melena do león, o que non quere decir sexa con falta de coidado, antes ao contrario, xa que se dispón en mechóns cortos formando bandas que alternan mechóns e ocos entre eles. Son unha serie de seis ou sete bandas que fan que a melena chéguelle ao animal ata medio corpo.

Agora varía a maneira de representar o corpo do animal. Si a cabeza é voluminosa, de proporcións xenerosas, agora o corpo faise máis esbelto para voltar a redondearse nos cuartos traseiros. Nas patas traseiras percíbense dúas incisións paralelas verticais que marcan as garras, replegadas, cun modelado redondeado.

As patas dianteiras están unidas non entre sí, senón por unha figura que aparece máis claramente debaixo da pata dereita. É aquí cecáis onde a escultura está máis danada e pulida polo desgaste. De todos os xeitos contemplando o lateral dereito do animal nótanse as formas semellantes a unha cabeza de car-

neiro. Na parte inferior do que sería o fuciño deste segundo animal hai dous orificios que reproducen os orificios nasais, o da dereita perfectamente circular e o da esquerda un pouco agrandado e de contornos máis irregulares debido á corrosión da erosión.

A peza ten unha serie de fracturas que pasamos a enumerar. Dende o frente: no lateral inferior dereito falta o que sería a continuación da cabeza da vítima. Xa no basamento hai unha fractura tamén na esquina inferior dereita. E no lateral dereito hai outra fractura, na peana, debaixo da pata traseira. Así mesmo no basamento, tanto o lateral como a esquina esquerda atópanse fracturadas. Na traseira do pedestal a esquina superior dereita falta. No lado esquerdo falta casi toda a traseira.

Temos, en conxunto unha figura que vista de frente tería unhas medidas máximas de 45/32/78 cm. Ademais o ancho da cabeza é de 30 cm. De alto na parte traseira ten 34 cm. No plinto que serve de basamento ten unha altura variable de 10/11 cm.

A vista do que, creemos, trátase dunha escultura pertencente ao tipo das utilizadas na civilización romana, sobradamente coñecidas, en ambientes funerarios. Xa que este tipo de manifestacións hai que incluílas no seu contexto, o da súa utilización dende épocas remotas en todas as culturas mediterráneas (Chapa, 1985: 124).

Que sexa coñecido este tipo de estatuaria non significa que señan abundantes o seu número, sobre todo na Gallaecia, onde, que saibamos, non existe ningún exemplo semellante. Non obstante, a súa existencia pode deberse, entre outros motivos, ao grado de importancia da romanización do contexto onde aparecen. Isto sin entrar a dirimir o qué se entende por romanización, palabra maldita e de complexo significado que usamos porque ao mencionala rápidamente relaciónanse unha serie de enlaces entre Roma e un lugar, nun comenzo alleo á realidade romana, pero que posteriormente desenvolve esta serie de enlaces que acaban por establecer uns contactos ou conexións, en grado enormemente variable, coa propia Roma.

Según Chapa (1985: 131) o prototipo de león guardián con fauces entreabertas tería unha orixe sirio-anatolia para logo consolidarse en Chipre en torno ao século VII a.C. e no século VI a.C. renovárase con novas influencias exípcias.

A función das grandes esculturas de leóns en Grecia divídense entre a funeraria e a puramente arquitectónica. Na primeira o seu contido como animal asociado á Morte non é novo sendo habitual en casi todas as culturas orientais máis antergas.

Según Chapa (1985: 141) é arredor do século IV a.C. cando en Grecia e Asia Menor introdúcese un novo elemento ao tipo león-protector: unha vítima, normalmente entre as patas dianteiras e casi sempre un animal herbívoro.

Na propia Península Italiana o desenvolvemento final do tipo de león etrusco sigue a tónica xeral de todas as restantes culturas mediterráneas, seguir o influxo helenizante. A mediados do século IV a.C. os leóns de Val Vidone e Toscana presentan vítimas baixo as súas garras. Con este modo tradicional de compo-

ñer os monumentos funerarios continua a arte romana e coa súa expansión exténdense estes modos pola área de Francia e as concas do Rhin e Danubio, que pode seguirse relacionando a aparición deste tipo de testemuñas con establecementos romanos de orixe militar (Mansuelli, 1956: 66-89).

Outras mostras deste tipo de estatuaria témolas na Península. Aquí queremos aclarar que non pretendemos facer un listado que recolla exhaustivamente todos e cada un dos modelos que existen deste tipo de escultura funeraria, senón mostrar algúns interesantes pola súa factura, disposición ou lugar aparecido.

Referenciadas por García Bellido (1949: Fig. 316) peza procedente de Porcuna, Jaén: un **león devorando un carneiro**; (Fig. 317) procedente de perto das Mesas de Hasta, Cádiz: **león devorando unha presa**, ao que se describe tendo entre as súas patas dianteiras á vítima, mirando de fronte e coas fauces abertas, ansiosas; (Fig. 318) procedente do Cerro de las Torres, Mérida: **león devorando a súa presa**, de mellor factura que os anteriores e respondendo á mesma fórmula.

Similares a estos, aínda que en «versión» ibero-turdetana, temos os leóns que sinala Blázquez (1983: 156-162): o procedente de Cástulo, este datado en época romana republicana, o de Nueva Carteya, o dos Cerros dos Molinillos, Baena, Córdoba, que, ademais de ser unha leona, obedece á criterios que veñen do sur da Galia, etc. Está o aparecido en Cártama, Málaga, que tamén devora un año (Rodríguez de Berlanga, 1903). Na mesma Málaga outro atopado perto do porto que é desproporcionado dándolle máis importante á cabeza, o cal é simbólico para o autor (Díaz Martos, 1960: 225). Todos os que respondendo, en conxunto, de xeito máis patente ao influxo orientalizante proporcionan novos exemplos do mesmo significado: un gardián fiero, e violento, de tumbas.

Tamén están os atopados en territorio portugués: o primeiro atopado reutilizado nas almenas dun torreón da muralla de Conimbriga (Moutinho Alarcão, 1984:122) e o segundo atopado en Evora (C.S.I.R. 1990: 32,69; Fig.73) Os dous dados como provintes de formar parte dun monumento funerario e datados, a pesares da diferenza da súa factura, o primeiro considerado como unha obra mediocre e o segundo en mármore e de modelado máis coidado, do século II d.C. E os dous sedentes.

Xa en Suíza, na vila de Fiez, perto de Grandson aos pes do lago Neuchatel aparece no 1902 un león sedente mirando ao fronte e coas fauces abertas (Bossert,1990: 95-111). Nos estudos que o autor dedícalle ao león trátase un tema que tamén o trata García Bellido a propósito da cultura da que provén a figura, si se trata dunha escultura barroca ou si é romana quedando zanzada a cuestión pola romanidade da peza.

Tampouco sería unha cousa tan impensable tendo en conta a pervivencia deste tipo de figuración que chega aos nosos días protexendo a entrada do Parlamento central tendo debaixo dunha das patas dianteiras unha bola en vez da cabeza de carneiro ou da cabeza de calqueira outra vítima. Ou incluso, moito máis modestas, as que vemos encaramadas enriba das xambas da entrada de

algunha finca con espacio para ter estos guardiáns, normalmente a pares, feitos en pedra e, últimamente, en ieso ou escaiola.

Voltemos ao león helvético que ten de longo 77 cm. Os leóns helvéticos de época romana anotados polo autor rondan estas medidas: 74-77 cm. O de Padrón ten 78 cm como xa se apuntara. Ademais encontramos que os exemplos barrocos son de modelado máis realista, de melena casi humanizada, como di Bossert, de mechóns longos, mentras os romanos teñen a melena composta de mechóns cortos, máis numerosos e ordenados. Bossert para o león de Fiez estipula unha cronoloxía romana coa mesma simboloxía que a clásica, que en Italia arrinca coa República e os exemplos máis anterros serían os da Italia central, pero a resposta é dun taller rexional, como de talleres rexionais trátanse os ibéricos aportados antes, pero feitos en época xa romana, como apunta Rodríguez Oliva (1994: 5-40)

En Austria temos un par de leóns semellantes referenciados no C.S.I.R. vol V cos números 619 e 620, procedentes os dous de Arnoldstein, cecáís do mesmo monumento funerario e os dous datados na metade do século II d.C. igual que os exemplares portugueses. É interesante sobor de todo o segundo, porque está sedente e aínda que moi mutilado na parte superior da cabeza é evidente que tiña as mandíbulas abertas.

Cumont (1966: 159) sinala unha serie de representacións de leóns, en baixo-relevos enfrentados a unha crátera, un par deles rampantes, e a serie dos león devorando animais estudados por Ruyt (1936, 169-175, según Cumont, 1966: 159) todos eles pertencentes a ambientes e contextos funerarios.

En suma trátanse de esculturas utilizadas xa en épocas sumerio-hititas con un rol apotropaico, unha protección á entrada dun edificio de singular importancia, dun lugar ou dunha tumba. Aparecen posteriormente nas culturas mediterráneas cos fenicios, os gregos, etc e atopámonos con eles en época romana. Paralelamente a este aspecto protector estas figuras teñen outro papel que interpretar, aquel que mostra a Morte na súa visión máis violenta, a Morte que pode con todo, que é inexorable e invencible, orgullosa, tamén por iso móstranos en tantas ocasións a cabeza da vítima, qué máis da que sexa esta un carneiro, un home, etc.

A isto é ao que responde o león de Pedreda, unha escultura funeraria que mostra o triunfo da Morte pero que ao mesmo tempo protexe a tumba e ao difunto. E en Padrón, que ten elementos suficientes para calquer día descubrir sorpresas con respecto á *romanización*. Porque si non calquera podería costearse unha inscrición que perpetuase o seu nome e o seu recordo, fin último, menos, dende logo, pagar a un escultor. Os leóns están reservados a persoaxes poderosas. Recordemos que moitos, en infinidade de casos, os tronos dos reises están flanqueados por leóns.

Queremos agradecer a D. Xesús Fraiz Calvo a súa axuda en localizar a figura, a Richard quen nos comunicou a súa existencia, a Carlos Sixto Castroabudín, en cuí casa atópase o león, e a Isabel, quen levounos ata él. Por descontado, gracias ao Prof. Dr. Fernando Acuña Castroviejo e a Miguel Ramil, quen quitounos unha pesada carga de encima, e nunca se dixo esta frase con tanto sentido.

BIBLIOGRAFÍA

- BLÁZQUEZ, J.M. (1983): *Primitivas religiones ibéricas*, Madrid.
- BOSSERT, M. (1990): «Le lion sur la fontaine de Fiez VD. Sculpture romaine o baroque?», *Jahrbuch der Schweizerrischen Gesellschaft für Ur-Und Frühgeschichte*, 73, 95-111.
- CHAPA BRUNET, T. (1985): *La escultura ibérica zoomorfa*, Madrid.
- CHAPA BRUNET, T. (1986): «Influjos griegos en la escultura zoomorfa ibérica». *Iberia Graeca*. Serie Arqueológica, Nº 2.
- CUMONT, F. (1966): *Symbolisme funeraire des romaines*, Paris. Reimpresión.
- DÍAZ MARTOS, A. (1960): «El león romano de Málaga», *Zephyrus*, XI, 225-228.
- GARCÍA BELLIDO, A. (1949): *Esculturas Romanas de España y Portugal*. Madrid.
- MANSUELLI, G.A. (1956): «Leoni Funerari Emiliani», *Roemische Mitteilungen*, 63, 66-89.
- MANSUELLI, G.A. (1963): «Monumento Funerario», *Enciclopedia dell'Arte Antica, Classica e Orientale*, Vol. V, Roma.
- MOUTINHO ALARCÃO, A. (1984): *Coleções do Museu Monográfico de Conimbriga*. Coimbra.
- PICCOTTINI, G. (1994): *C. S. I. R. Austria*, Serie II, Fasc.V.
- RODRÍGUEZ DE BERLANGA, M. (1995): *Catálogo del Museo Loringiano*. Málaga.
- RODRÍGUEZ OLIVA, P. (1990): «Cultos domésticos en la España Romana», *Actas do VIII Congreso Español de Estudios Clásicos*, III, 5-40.
- RUYT, F. de (1936): *Bulletin de l'Institut Belge de Rome*, XVII, 169-175. (Non vidit)
- VASCO DE SOUZA (1990): *C. S. I. R. Portugal*. Coimbra.





